

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 05/06/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ
ARGIMIRO SERÉN MERA
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ
LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MARIA BERMUDEZ OUTON

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 05/06/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 30 de maio de 2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/2017

Dáse conta do escrito presentado por Dona Silvia Fabeiro Abalo solicitando a colocación de sinal de Camiño sen saída en Rúa Camiño do Monte de Aralde, a continuación do pilón, dado que é unha rúa sen saída de uso exclusivo para o propietarios da vivenda e fincas lindeiras, así como de uso peonil para os veciños, non tendo espazo suficiente para as manobras de xiro de vehículos.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de sinal (S15a), en dirección ao número 15 da citada Rúa Camiño do Monte de Aralde.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2023/2024

Dáse conta do escrito presentado por Global DXT Pontevedra, S.L. solicitando autorización para a realización dunha proba ciclodeportiva BTT, que transcorre por varios concellos os días 10 e 11 de xuño, pasando por este concello á atura da PO-305, intersección coa pista que conduce Fontefría, circulando en tráfico aberto e cumprindo todas as normas de circulación.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda autorizar a celebración da citada proba.

PRP2023/2032

Dáse conta de escrito presentado pola Xefatura Territorial de Sanidade, en relación ás necesidades dos Servizos Veterinarios Oficiais de Saúde Pública da Comarca de Vilagarcía, situados en Avda. Matosinhos nº 3, solicitando a delimitación da reserva de prazas de estacionamento que existían antes da remodelación da rúa e non se sinalizaron con posterioridade.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado, dado que existen prazas de aparcamento en estacionamentos públicos disuasorios, así como aparcamentos sinalizados nas inmediacións da ubicación dos Servizos Veterinarios.

PRP2023/2083

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sobrino G, SA, para o subministro dun Xerador Eléctrico PG-I 40S, por un importe total de 1.242,67 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2084

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Investigación y Desarrollo del Lerez, SL, para o servizo de mantemento anual do aire acondicionado situado na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 2.178,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2086

SDáse conta do escrito remitido pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, comunicando que as vivendas situadas en Rúa Arousa, na Zona de A Lomba, se atopan incluídas na relación de zonas seleccionadas dentro do proxecto de despliegue de fibra óptica TSI-061400-2021-0112 con axuda concedida polo Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión - Banda Ancha (ÚNICO-Banda Ancha), programa financiado con fondos europeos Next Generation-EU.

O prazo límpe para a execución destes proxectos da Convocatoria 2021, establececese no 31 de decembro de 2023.

Así mesmo indican que se ten lanzado un novo programa tamen financiado con fondos europeos NestGeneration-EU a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Programa de Unviersalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión-Demanda Rural. Este programa de axudas, que estará operativo a mediados de xuño de 2023, busca garantir ao 100% da poboación e en todo o territorio nacional a conectividade da banda ancha de alo menos 100 Mbps en sentido descendente no prazo de un ano.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/1907

Dáse conta do escrito presentado por D. Martín Vázquez Blanco solicitando autorización para instalación de dous quioscos desmontables para servizo de hostelería ata finais de setembro de 2023 na praia Compostela:

- Un quiosco situado á altura do nº49 da Avda Rosalía de Castro.
- Un quiosco situado á altura do edificio do antigo balneario.

Dáse conta do informe favorable da Arquitecta Técnica Municipal, dede o punto de vista urbanístico e técnico.

A Xunta de Goberno Local acorda informar favorablemente á solicitude para instalación dos citados quioscos dende o punto de vista urbanístico e técnico, nas ubicacións citadas. A instalación dos 2 quioscos deberá realizarse a 15 metros a partir da liña do paseo marítimo, en perpendicular.

Así mesmo acorda a remisión da solicitude á Xefatura Provincial de Costas xunta coa documentación.

PRP2023/2217

Dáse conta do escrito presentado por D. Daniel Stan solicitando autorización para instalación de caseta na praia de Compostela á altura no nº99 da Avda. Rosalía de Castro para o servizo de hostelería ata finais de setembro de 2023.

Dáse conta do informe favorable da Arquitecta técnica Municipal, dende o punto de vista urbanístico e técnico.

A Xunta de Goberno Local acorda informar favorablemente a solicitude para instalación da caseta na ubicación citada dende o punto de vista urbanístico e técnico. A instalación da caseta deberá realizarse a 15 metros a partir da liña do paseo marítimo en perpendicular.

Así mesmo acorda a remisión da solicitude á Xefatura Provincial de Costas xunto coa documentación.

EMPREGO

PRP2023/2089

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego FORME 2022, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Maderas J. Rendodo SL, para o subministro de tarima roble , illante evaflex e lámina vermella, para as aulas da 2ª planta, no edificio do obradoiro de emprego, por un importe total de 1.337,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/2052

Dase conta da sinatura do Contrato de Patrocinio co Sr. D. Ramiro Carregal Rey para o desenvolvemento da VI edición do Festival Internacional de Música clásica 2023, aprobado pola XGL na sesión do 24/04/2023, PRP2023/1432, Expediente de Cívidas Conser/2023/000027.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a modificación do orzamento da VI edición do Festival Internacional de Música clásica 2023, incrementándose o Proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do apartado de gastos no importe de 6.000,00 € correspondentes á aportación realizada polo Sr. Carregal mediante o Contrato de Patrocinio sinalado no apartado anterior, sendo os datos os

seguintes:

Importe total gastos: 92.750,00 €

Proxecto 2023-3-CRRTE-4: 58.801,00 € (incremento 6.000,00 €)

Proxecto 2023-3-POS23-4: 33.344,00 € (sen variación)

Importe total de ingresos: 92.750,00 €

Entradas Pazo A Golpelleira: 5.750,00 € (sen variación)

Plan Concellos 2023: 30.000,00 € (sen variación)

Contrato patrocinio Ramiro Carregal: 6.000,00 € (incremento)

Recursos propios: 53.000,00 € (sen variación).

PRP2023/2053

A XGL na sesión do pasado 27/03/2023 aprobou a proposta de gasto dos contratos artísticos da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023.

Os ditos contratos son os seguintes:

- PRP2023/1057 Beatrix Elisabeth Jerie Scheider, Marek Kozak e Simon Kotek
- PRP2023/1058 Mito Concerts SL
- PRP2023/1059 Mendialdua Music SL
- PRP2023/1060 Cuarteto Quiroga SL

Todos estes contratos artísticos veñen de ser asinados polas dúas partes interesadas, o Sr. Alcalde en representación do Concello de Vilagarcía de Arousa e cada un dos interesados, respectivamente.

Por todo o anteriormente exposto, dase Conta á XGL da sinatura dos contratos artísticos da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023 que figuran expostos anteriormente.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/2054

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, na que se indica que para o desenvolvemento da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023 en relación coas seguintes propostas de gasto:

- a) Afinación de cinco pianos do Conservatorio Profesional de Música polo técnico especialista Sr. D. Tigrán Poghosyan Gharibyan.
- b) Aluguer dun piano de media cola para o Concerto de Clausura do Programa de Masterclasses que terá lugar no Pazo de Rubianes o sábado 1 de xullo de 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o gasto derivado da afinación de cinco pianos do Conservatorio profesional de Música ao Sr. D. Tigrán Poghosyan polo importe de 450,00 € + IVA (21%) 94,50 € = 544,50 € con cargo á partida 3261.22706 do proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento modificado do festival para o ano 2023 do proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento modificado do festival para o ano 2023.

Segundo.- Aprobar o gasto do aluguer dun piano de media cola para o Concerto de Clausura do Programa de Masterclasses que terá lugar o sábado 1 de xullo no Pazo de Rubianes ao Sr. D. Tigrán Poghosyan polo importe de 600,00 € + IVA (21 %) 126,00 € = 726,00 € con cargo á partida 3262.205, do proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento modificado do festival para o ano 2023 .

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2055

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Debora Fontenla Oliveira (Lamarca Publicidad), para o subministro de material de merchandising para a VI Edición do Festival internacional de Música Clasclas 2023 (255 camisetas 100% algodón SOLS REGENT color gris claro con impresión diante e detrás a unha cor - chocolate), por un importe total de 1.653,82 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22602 do proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento modificado do festival para o ano 2023 .

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2056

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á colaboración artística de pinano acompañante para o Programa de masterclasses do Festival Clasclas 2023, de conformidade co orzamento presentado pola Sra. Haruna Takebe, por un importe total de 605,00 €, con cargo á partida 3261.22609 do proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento modificado do festival para o ano 2023 .

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2057

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para contratación dos servizos de limpeza extraordinarios que figuran e a súa adxudicación á empresa Clece S.A. por un importe total de 497,40 € (IVE engadido) de conformidade co orzamento presentado, co obxectivo de proceder á limpeza das instalacións municipais ao longo do desenvolvemento da VI edición do Festival Internacional de Música clasclas 2023 e con cargo á partida 3261.22700 do proxecto con código 2023-3-CRRTE-4 do orzamento modificado do festival para o ano 2023.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2023/2082

Dáse conta do convenio proposto pola Deputación de Pontevedra ao Concello de Vilagarcía de Arousa, para o financiamento das Festas de San Roque 2023.

O obxecto do convenio é a celebración do ESPECTÁCULO “HIJO DE LA LUNA”, a cargo do

grupo Espectáculos A Cantaruxa, dentro da programación das festas de San Roque 2023, no recinto da Xunqueira, que ten un custo de 18.125 €, e ofrécese gratuíto para o público. A colaboración da Deputación será de 6.000 €.

O Concello comprométese a difundir a colaboración outorgada pola Deputación de Pontevedra. Para elo, deberá incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra no material gráfico publicitario utilizado.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do convenio proposto e o seu traslado á Deputación para que sexa logo asinado pola súa presidencia.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2023/2070

Dáse conta da Resolución do 20 de abril de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e procédese á súa convocatoria para o ano 2023 (códigos de procedemento SE436A, SE435A e SE427B).

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención á Secretaria Xeral da Igualdade para a seguinte liña: 1.- Programa de apoio ao- CIM

1. Programa de apoio aos posto de dirección, apoio psicológico e asesoramento xurídico por importe total de 96.306,79 € para o período 01/04/2023-31/03/2024.
2. Programa de apoio ao posto de axente de Igualdade por importe total de 55.542,97 € para o período 01/04/2023-31/03/2024.

- A designación de Dona Julia Barbosa Sánchez que ocupa o posto de Directora do CIM para as tarefas de coordinación e comunicación coa SXI.

- O financiamento con cargo aos orzamentos desta entidade do custo das accións obxecto da axuda que non resulte financiado pola SXI.

- Acreditar que a entidade posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

SPAD

PRP2023/2090

Vista a proposta da Directora do SPAD, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Teleservicio Instalacións de Oficina, SL para o subministro dun taburete, por un importe total de 326,70 €, con cargo á partida 2311.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2023/2075

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a AAMMRR Xiabre de Guillán, por un importe total de 1.800,00€, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Limpeza e mantemento do Centro Cultural	1.800,00€	AAMMRR Xiabre de Guillán

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2076

Vista a solicitude da Asociación Cultural Comisión de Festas Santa Marta, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Santa marta en A Laxe os vindeiros días 28, 29 e 30 de xullo de 2023:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa: o día 28 por importe de 391,00 € e o día 29 por importe de 225,00 €.
- Actuación da Coral Santa Eulalia o día 30 de xullo por importe de 335,00 €

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2077

Vista a solicitude da Comisión de Festas San Martiño de Galáns, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, por un importe total de 540,00 € con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Martiño en Galáns, os vindeiros días 11 e 12 de novembro de 2023:

- Actuación da Asociación Cultural Folclórica Unión Piñeira de Guillán - Grupo de Gaitas Treboada, o día 11 por importe de 315,00 € e o día 12 por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2023/2021

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 25 de outubro de 2021, aprobou o proxecto de "Ampliación da rede de saneamento e pluviais en tramo da rúa Carballido (Cea)", redactado polo enxeñeiro don Miguel Ángel Fariñas Martín, cun importe de licitación de 27.943,68€ (IVE engadido).

Consta no expediente escrito recibido do servizo de Augas de Galicia, de data 10 de maio de 2023, aos efectos de comunicar que a obra de referencia cumpre co disposto no Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas e por conseguinte ten a consideración de obra menor no Dominio Público Hidráulico e zona de policía.

Co fin de poder seguir dotando a toda a veciñanza dun adecuado servizo de saneamento, e unha

vez detectada a existencia de varias vivendas que non dispoñen de conexión coa rede xeral de saneamento municipal na rúa Carballido, o concello de Vilagarcía de Arousa considera motivada a necesidade do contrato de referencia, relativo ás obras definidas no proxecto básico e de execución de ampliación de rede de saneamento e pluviais en tramo da rúa Carballido (Cea). Estes traballos son os necesarios para levar a cabo a conexión de diversas vivendas co a rede xeral de saneamento municipal, así como canalizar as augas pluviais que discorren pola superficie ata a rede de pluviais existente na rúa Carballido (Cea).

Concretamente, se inclúen, de forma xeral, as seguintes actuacións:

- Demolición de pavimento asfáltico
- Escavación de gabias.
- Arquetas de saneamento.
- Execución de rede de saneamento.
- Execución de rede de pluviais.
- Pavimentación de vial.

Por todo o exposto, considérase imprescindible levar a cabo a obra de “Ampliación da rede de saneamento e pluviais en tramo da rúa Carballido (Cea)” para dotar ás vivendas da zona dunha rede de saneamento adecuada.

De conformidade co proxecto técnico, o orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 27.943,68€ (IVE engadido). Considérase un prazo de execución de 1 mes para a completa realización dos traballos.

Vista a necesidade xustificada, foron solicitadas ofertas a tres provedores, os cales presentaron as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
MONTAJES IGLESIAS J.M.	22.863,00€	27.664,23€
IVANCA, S.L.	23.000,00€	27.830,00€
CONSCATIL, S.L.	23.093,95€	27.943,68€

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de obras de “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E PLUVIAIS EN TRAMO DA RÚA CARBALLIDO (CEA)” á mercantil MONTAJES J.M. IGLESIAS (B36130649), por importe de 22.863€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 4.801,23€ o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 27.664,23€, con cargo á partida orzamentaria 160 61900.

2.- Nomear ao Enxeñeiro Técnico Industrial ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, como director de obra do investimento denominado CT 97/2021 “Ampliación da rede de saneamento e pluviais en tramo da rúa Carballido (Cea)”.

PRP2023/2080

O concello de Vilagarcía de Arousa ten previsto realizar obras de rehabilitación do edificio principal e anexos, na edificación propiedade municipal ubicada na Avda. Doutor Tourón, número 3.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 7 de setembro de 2020, adxudicóuselle a Estudio Jass, S.L.P. o contrato menor de servizos de "Redacción de proxecto básico e de execución de rehabilitación de edificio principal e anexos en Avda. Doutor Tourón,3".

Redactado proxecto técnico polo arquitecto don Jose Antonio Sueiro Sueiro este foi supervisado favorablemente, polo arquitecto municipal, con data 4 de maio de 2020.

Enviado o proxecto a informe da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ao

desenvolverse as obras nun edificio catalogado consonte a ficha 117PHA do Catálogo de Edificios e Elementos a Conservar no municipio de Vilagarcía, pola Xefa de Servizo de Patrimonio Cultural remítese informe no que se conclúe que: “a documentación recibida resulta incompleta polo que, para poder informar a devandita solicitude , deberá aportar a documentación requirida segundo as consideracións do informe técnico”.

Dáselle traslado do requirimento de Patrimonio ao arquitecto redactor do proxecto y en data 14/04/2023 presenta a documentación indicada no Punto 1 do requirimento e en atención ao exposto no Punto 2, o redactor do proxecto solicita que por parte do Concello sexa emitido un informe por Laboratorio Homologado sobre patoloxías estruturais, situación de estabilidade e resistencia máxima de estrutura de Edificación Principal e auxiliar ubicado na Avda. Doutor Tourón, 3 para a súa adaptación aos usos públicos previstos .

Doutra banda, para a redacción do proxecto de execución correspondente será necesario contar co correspondente estudo Xeotécnico.

A realización conxunta de ambos estudos (Patolóxico e Xeotécnico) pola mesma empresa supón unha redución de custos (por exemplo en desprazamento para facer o traballo de campo) polo que se considera axeitada a constitución conxunta de ambos estudos.

O Plazo de Execución será de 2 MESES

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á mercantil Enmacosa Consultoría Técnica, S.A. con NIF A27812627 para a Redaccion de informe de patoloxía estrutural, situación de estabilidade e resistencia máxima de estrutura de Edificación Principal e auxiliar e Estudo xeotécnico da edificación situada na Avda. Doutor Tourón, 3 por importe de 8.385,30 € (IVE engadido) para dar resposta ao requerimento da Consellería de Cultura, Educación e Universidade aos efectos de autorización das obras previstas de rehabilitación do edificio principal e anexos, na edificación municipal da Avda. Doutor Tourón, 3, con cargo á partida 150.640.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2023/2096

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° DÚAS (2023/3025), derivada da execución do contrato de obras denominado "CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA RÚA FONTECARMOA E AVDA. DE CAMBADOS", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/2161), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado PREST (2) 01/01/2022 por importe de 53.559,65€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra N° DÚAS (2023/3025), derivada da execución do contrato de obras denominado "CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA RÚA FONTECARMOA E AVDA. DE CAMBADOS", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/2161), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado PREST (2) 01/01/2022 por importe de 53.559,65€, co seguinte desglose:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
3025	DÚAS	05/04/2023	53.559,65€	GALSUR PROYECTOS OBRAS S.L.	CERT. DÚAS. OBRA CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA RÚA FONTECARMOA E AVDA. DE CAMBADOS	1530	61900

PRP2023/2098

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° TRES (2023/3090), derivada da execución do contrato de obras denominado "CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA RÚA FONTECARMOA E AVDA. DE CAMBADOS", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/2852), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado PREST (2) 01/01/2022 por importe de 47.898,79€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra N° TRES (2023/3090), derivada da execución do contrato de obras denominado "CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA RÚA FONTECARMOA E AVDA. DE CAMBADOS", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/2852), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado PREST (2) 01/01/2022 por importe de 47.898,79€, co seguinte desglose:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
3090	TRES	28/04/2023	47.898,79€	GALSUR PROYECTOS OBRAS S.L.	CERT. TRES. OBRA CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA RÚA FONTECARMOA E AVDA. DE CAMBADOS	1530	61900

PRP2023/2099

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° TRES (2023/3286), derivada da execución do contrato de obras "AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA 2022", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/3571), por importe de 3.729,51€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Recoñecemento de obriga para certificación de obra N° TRES (2023/3286), derivada da execución do contrato de obras "AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA 2022", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/3571), por importe de 3.729,51€, co seguinte desglose:

REG.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
2023/3286	TRES	10/05/2023	3.729,51€	MIGUEL ANGEL REY S.L.	CERT. TRES. AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA 2022	164	61900

PRP2023/2100

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° CATRO (2023/3287), derivada da execución do contrato de obras "AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA 2022", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/3572), por importe de 6.005,17€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Recoñecemento de obriga para certificación de obra N° CATRO (2023/3287), derivada da execución do contrato de obras "AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA 2022", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/3572), por importe de 6.005,17€, co seguinte desglose:

REG.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
2023/3287	CATRO	10/05/2023	6.005,17€	MIGUEL ANGEL REY S.L.	CERT. CATRO. AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA 2022	164	61900

PRP2023/2102

Visto o expediente de gasto INT/2023/250 integrado pola relación de xustificantes F/2023/42 por importe de 475.903,35€.

Vista a Base 21ª.1 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

Considerando que a imputación do gasto do exercicio anterior non vai afectar ás necesidades económicas do servizo ao longo do exercicio 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: En virtude do establecido na Base 21 do orzamento, Imputar o gasto do exercicio 2022 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente (2022 prorrogado), segundo se indica.

SEGUNDO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2023/42 por importe de 475.903,35€. co seguinte desglose:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
F/2023/1050	RECFAT- 123	1.207,82	132	22104	DECORO 2016, S.L.	Rect. FACT 0080 / PLACAS METALICAS CON ESCUDO VILAGARCIA / CARTERA BILLETERA PORTAPLACAS EN PIEL
F/2023/1689	23JVKI000090	3.346,90	1622	22700	PREZERO GESTION DE RESIDUOS S.A.	TRANSPORTE CAJA 30M3 DE BANAL / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON)

F/2023/2063	23JVKI000145	3.473,83	1622	22700	PREZERO DE GESTION DE RESIDUOS S.A.	TRANSPORTE CAJA 30M3 DE BANAL / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON)
F/2023/2095	0214800007223F	225,00	320	22700	CLECE, S.A.	Ampliación del servicio de limpieza en el Colegio de Educación Especial de Villagarcía durante el presente mes con cargo
F/2023/2100	0214800006023F	493,08	135	22700	CLECE, S.A.	Servicios de limpieza de EDIFICIO E INSTALACIONES DEL SERVICIO DE EMERGENCIAS Marzo de 2023 Importe servizo
F/2023/2109	0214800006923F	2.621,45	2311	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIOS E INSTALACIONES SANITARIAS: SERVICIO PREVENTIVO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA SPAD Y UNIDAD DE SALUD MENTAL
F/2023/2111	0214800005423F	4.033,62	3321	22700	CLECE, S.A.	BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Marzo de 2023 ZONAS COMUNES /
F/2023/2113	0214800005623F	51.430,76	320	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza de centros educativos Marzo de 2023 CEIP RUBIANS / Servizo de limpeza de centros educativos Marzo de 2
F/2023/2155	5603216214	272.356,95	1621	22700	PREZERO ESPAÑA, S.A.U.	CANON MARZO 2023. 1/12 de canon aprobado en Pleno del 9/03/00 más revisiones de precios y ampliación, aprobada en Pleno
F/2023/2156	5603216215	9.536,01	1621	22799	PREZERO ESPAÑA, S.A.U.	CANON C. Y P. MARZO 2023. 1/12 de canon aprobado por la Comisión Municipal de Gobierno del 9/12/96, más revisiones de pr
F/2023/2312	*ADM23 175	320,00	320	22199	VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.	ALBIZIA / CONCELLERIA DE EDUCACION CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA
F/2023/2481	A0002023 76	1.524,60	135	213	SEPY MEDICAL, S.L.U.	DESFIBRILADOR SEMIAUTOMÁTICO IPAD CU-S1P CON: JUEGO DE ELECTRODOS ADULTO/PEDIATRICO, BATERIA SIN MANTENIMIENTO, MALETA D
F/2023/2491	2023- 0607	1.583,08	150	22706	CALIXTO ESCARIZ, S.L.U.	HONORARIOS (Asistencia jurídica en materia de urbanismo al ayuntamiento de Villagarcía de Arosa correspondiente al mes
F/2023/2507	0 3646	43,17	135	212	COMERCIAL BASTOS, S.L.	MAMELON LATON 1/2 (MAMELON LATON 1/2) / CASQUILLO INOX TUBO POLIBUTILENO 15 (CASQUILLO INOX TUBO POLIBUTILENO 15) /
F/2023/2508	0 3647	2,71	135	213	COMERCIAL BASTOS, S.L.	MANGUITO IBP IGUAL PRESSFITING 16 (MANGUITO IBP IGUAL PRESSFITING 16)
F/2023/2509	0 3645	98,09	135	213	COMERCIAL BASTOS, S.L.	TE IBP RED. PRESSFITING 20-16-16 (TE IBP RED. PRESSFITING 20-16-16) / ABRAZADERA NYLON HYDRAFIX CLIP DOBLE M6 22 (ABR
F/2023/2512	202302071	320,41	135	22199	CASTROMAN I, S.L.	BOTA 90PAH40 OPAL S3 SRC METAL FREE PUNTERA TRANSP T-40 / RAUL / ORDE DE COMPRA Nº 2162 / RESPONSABLE DE COMPRA JACOBO C
F/2023/2515	202302068	410,00	135	212	CASTROMAN I, S.L.	MT2 PORCELANICO MUSTANG GRIS 33X3X33X3 CLASE 3 / ORDE

						DE COMPRA Nº 2173 / RESPONSABLE DE COMPRA JACOBO CAMPOS ALONSO
F/2023/2517	202302066	247,59	135	22199	CASTROMAN I, S.L.	CIEN BRIDA NYLON NEGRA 07.6X0450 BN76450 DENTADA / BRIDA NYLON NEGRA 540X7.8 BOLSA 100 / CIEN TORNI.7981 5,5x50 12x2 INO
F/2023/2527	A 23087	1.510,08	164	22799	TROQUIÑA, S.L.	EXECUCION DOS TRABALLO DE MANTENEMENTO DURANTE O MES DE MARZO NOS CEMINTERIOS DE CARRIL E VILAGARCIA DE AROUSA PRP2023/0
F/2023/2536	2023 - 14	140,34	9201	22002	ARENAS RAMIREZ, FRANCISCO	DPTO. INFORMÁTICA --- PEDIDO Y ENTREGADO SR. JUAN LUIS ---- ALBARAN Nº25/23 (0-03-2023) CONCEPTOS ---- TINTA HP Nº 9
F/2023/2565	2023/0894	68.781,97	1623	22700	SOGAMA, S.A.	Tratamiento RU Mes Marzo 2023 / Bonificación (AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA)
F/2023/2591	2/2023	275,00	334	22609	SILVOSO ABAL, ADEMAR	PRESENTACIÓN COMPARSAS 2023. (CULTURA).
F/2023/2597	23083	100,02	135	213	PADIN SILVA, FRANCISCO	REPARACIÓN E AFILADO DE MOTOSERRA. (EMEERXENCIAS).
F/2023/2610	A0002023 91	958,32	1722	22199	SEPY MEDICAL, S.L.U.	TUBO DE RESCATE ACUATICO MARPA (DPYO. DE PLAYAS CODIGO 4591 RESPONSABLE: JACOBO CAMPOS)
F/2023/2614	V2300308	45,00	311	22103	AREA DE SERVICIO BARCA, S.L.	GASOLEO A (Matricula: 5434HHW)
F/2023/2615	V2300307	35,53	311	22103	AREA DE SERVICIO BARCA, S.L.	GASOLEO A (Matricula: 5434HHW)
F/2023/2617	V2300305	1.259,69	135	22103	AREA DE SERVICIO BARCA, S.L.	GASOLEO A (Matricula: 7176GZY) / GASOLEO A (Matricula: 4677JJJ) / GASOLEO A (Matricula: 1960KMX) / GASOLEO A (Mat
F/2023/2782	A 565	69,30	1720	22199	SEGURLAIN 2020, S.L.	MEDIOAMBIENTE / Chaqueta comando G30 / Pantalón de agua construcción G30 / Guante Antibes
F/2023/2813	4050339318	369,32	1720	213	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FILOBRUSH-3MM-200M-SQUARE
F/2023/2825	2023 - 17	413,28	9201	22002	ARENAS RAMIREZ, FRANCISCO	DPTO. INFORMÁTICA --- PEDIDO Y ENTREGADO SR. JUAN LUIS --- ALBARAN Nº 34/23 (10-04-2023) --- CONCEPTOS CINTA DE DA
F/2023/2826	D01 3721	464,64	135	22199	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	AURICULAR PARA F2 XTREM SOR12015 (- ALBARAN: 307.865 FECHA: 13.02.2023 SERVICIO: EMERXENCIAS REPONSABLE: FCO.JAVIER
F/2023/2827	D01 3722	542,08	135	22199	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	GAFAS BOLLE CHRONOSOFT II CASCO F2 (- ALBARAN: 307.866 FECHA: 13.02.2023 SERVICIO: EMERXENCIAS REPONSABLE: FCO.JAVIE
F/2023/2832	A 2023/A/2223332	556,60	1720	22615	LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.	903696SP FRENO TIROLINA / 620 TRANSPORTE / ORDEN DE COMPRA: 10285 AÑO:2023 CODIGO SERVICIO:170
F/2023/2843	2	900,00	334	22703	LOPEZ FIGUEIRA, Mª JESUS	Curso de manualidades e pintura , 2 horas semanales centro cultura S. Roque (xaneiro a marzo 2023)

F/2023/2853	23 221	3.113,30	1720	213	RAMON LOIS, S.L.	RETEN TDF CNH (CAMBIAR RETEN TDF Y CORREGIR ERROR 3001 (FALLO EN CENTRALITA) AL TRACTOR NEW HOLLAND T6.175 E4243BGD) /
F/2023/2929	23 1682	33,99	3261	22199	SOBRINO G., S.A.	REGLETA 5 T/T BCA 3mts / COPIA LLAVE / DESTORN 2 USOS
F/2023/2930	23 1681	74,29	1720	22199	SOBRINO G., S.A.	PANTALÓN DESBROCE 99-6603 T-L
F/2023/2933	Emit- 337	677,60	3261	22602	BAÑOS PRINT, S.L.	POLÍPTICOS CLAS CLAS
F/2023/2935	A 384	1.801,02	920	212	VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L.	Fabricación de letras corpóreas en sustrato rígido PVC de 30mm + pintado en color blanco para exterior, de medidas: Tam
F/2023/2936	A 385	1.096,26	920	212	VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L.	Banderola sin luz fabricada en acero / inoxidable 1mm acabado pulido brillo 2 caras, / rotulado en vinilo en colores cor
F/2023/2937	A 386	876,04	920	212	VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L.	Banderola luminosa en perfilera de aluminio / composite color azul, con frentes calados y / metacrilato blanco opal,
F/2023/2950	23 0000049	223,85	1720	22199	CUEVAS, S.L.	Policarbonato compacto 10mm (Fra. Nº 23/0000049 – OBRA: Medio Ambiente. Suministro de una plancha de policarbonato comp
F/2023/2952	23 247	186,58	1720	213	RAMON LOIS, S.L.	TORNILLO 20X90 MM (CAMBIAR CASQUILLOS Y TORNILLOS DE PLATO A LA DESBROZADORA CANCELA) / TUERCA AUTOBLOCANTE 20 MM (C
F/2023/2953	23000879 0	94,90	9201	22002	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	TONER BROTHER TN247BK (departamento de promocion economica PEDIDO REALIZADO POR RESPONSABLE DE INFORMATICA : JUAN LUIS
F/2023/2956	A 3031	1.560,00	231	22610	BONVEHI SAN MARTIN, KATIA MARIA	SESIONES DE FISIOTERAPIA EN CLINICA SAF ABRIL (Oficina Contable L01360600 Intervención General Órgano Gestor L01360600
F/2023/2974	VIG01 23002497	3.458,58	2311	22701	GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	SERVICIO DE PREVENCION Y ASISTENCIA A DROGODEPENDIENTES (SPAD) / IMPORTE DE LOS SERVICIOS DE VIGILANCIA / PRESTADOS EL M
F/2023/2976	A 04	150,00	334	22703	DIAZ CASAL, ANA BELEN	LIMPIEZA DE CASA DE CULTURA DE CORNAZO PARA O AÑO 2023 PERTENCENTE O MES DE ABRIL A RAZON DE 2 DIAS7SEMANA LUNS E XOVES
F/2023/2982	0214800009723F	2.621,45	2311	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIOS E INSTALACIONES SANITARIAS: SERVICIO PREVENTIVO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA SPAD Y UNIDAD DE SALUD MENTAL
F/2023/2983	0214800009123F	1.157,10	3262	22700	CLECE, S.A.	ESCUELA MUNICIPAL DE MUSICA ""BERNARDO DEL RIO"" Abril de 2023Importe servizos
F/2023/2986	0214800008123F	790,87	334	22700	CLECE, S.A.	Incremento de frecuencia de limpieza de la instalación BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), correspondiente al
F/2023/2989	0214800008523F	6.116,07	334	22700	CLECE, S.A.	Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Abril de 2023SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES /

						Serviz
F/2023/2993	0214800009023F	1.713,92	3261	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza CONSERVATORIO Abril de 2023Importe servizo
F/2023/2999	FV2304034	17.968,50	150	640	ANTEA IBEROLATAM, S.L.U.	DIRECCIÓN DE OBRA DO INVESTIMENTO DENOMINADO ""CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA RÚA FONTECARMOA COA AVD. DE
F/2023/3005	17 2023	936,00	2311	22706	BARRAL NUÑEZ, MAR	Taller de cerámica no Centro de Dia . Mes Abril
F/2023/3006	1074 231300210	574,12	1720	213	BAYGAR, S.L.	MANO DE OBRA / REF.ALB. RM 01/02303206 LATIGUILLOS (3) / ACEITE HIDRAHULICO TRANSMISION REPSOL AUTOMATOR ATF / TRANSPORT
F/2023/3007	1074 231300209	309,03	1720	213	BAYGAR, S.L.	MANO DE OBRA / REF.ALB.RM 01/02303288 LATIGUILLOS(3) / REF.ALB.CS 113148 CRISTAL PUERTA
F/2023/3008	1074 231300208	560,47	1720	213	BAYGAR, S.L.	MANO DE OBRA / CUCHILLA DOBLE CHAFLAN ANTIDESGASTE / TORNILLOS AVELLANADOS + TUERCAS
F/2023/3011	159923000002365	48,96	132	214	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	Estación: VILLAGARCIA, Matrícula: 1405CGR / Estación: VILLAGARCIA, Matrícula: 1405CGR (Tasa de Tráfico)
F/2023/3012	159923000002366	36,11	1530	214	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	Estación: VILLAGARCIA, Matrícula: R4625BCP / Estación: VILLAGARCIA, Matrícula: R4625BCP (Tasa de Tráfico)
F/2023/3378	36223 26726	28,10	1530	22103	REPSOL BUTANO, S.A.	UD110 PROPANO (agente distribuidor Maria del Carmen Porto Dieguez. Castela,18 Vilagarcia de Arousa Mº José Martinez -
	TOTAL	475.903,35				

PRP2023/2109

Visto o expediente de gasto INT/2023/241 integrado pola relación de xustificantes F/2023/41 por importe de 1.335,42€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2023/41, por importe de 1.335,42€ co seguinte desglose:

Nº Reg.	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
F/2023/2961	1300900357	30/04/2023	60,50	459	213	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / ASC CALLE / PL. DA ESTACION, S/N / PL. DA ESTACION, S/N // SERVICIO DE TELE
F/2023/2962	1300900359	30/04/2023	86,10	135	213	KONE ELEVADORES, S.A.	KONE NEMO DOOR CONTRACT / Mantenimiento / UNICA / AV. AGUSTIN ROMERO, 52 / AV. AGUSTIN ROMERO, 52 // KONE NEMO DOOR CON
F/2023/2963	1300900350	30/04/2023	258,94	334	213	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / ASCENSOR / AV. MARIÑA, 27 / AV. MARIÑA, 27 // SERVICIO DE TELEFONÍA MOVIL /

F/2023/2964	1300900354	30/04/2023	222,24	4312	213	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / ASCENSOR / C/ ALEXANDRE BOVEDA, 5 / C/ ALEXANDRE BOVEDA, 5 / / SERVICIO DE T
F/2023/2965	1300900356	30/04/2023	164,75	3321	213	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / UNICO / POL. TRABANCA DABIÑA / POL. TRABANCA DABIÑA // SERVICIO DE TELEFONÍ
F/2023/2966	1300900358	30/04/2023	39,93	432	213	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / SALVAESCALERAS / AV. ROSALIA DE CASTRO, 100 / AV. ROSALIA DE CASTRO, 100 /
F/2023/2967	1300900360	30/04/2023	21,53	132	213	KONE ELEVADORES, S.A.	KONE NEMO DOOR CONTRACT / Mantenimiento / DEPOSITO VEHICULO POLICIA / AV. ROSALIA DE CASTRO, S/N / AV. ROSALIA DE CASTRO
F/2023/2968	1300900351	30/04/2023	57,48	3321	213	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / UNICO / C/ ALCALDE REI DAVIÑA, 14-16 / C/ ALCALDE REI DAVIÑA, 14-16 /
F/2023/2969	1300900352	30/04/2023	181,50	320	213	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / UNICO / C/ XUNQUEIRA, S/N / C/ XUNQUEIRA, S/N // SERVICIO DE TELEFONÍA MOVI
F/2023/2970	1300900353	30/04/2023	181,95	920	213	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / UNICO / C/ CAMINO REAL DE BADIÑA, S/N / C/ CAMINO REAL DE BADIÑA, S/N // SE
F/2023/2971	1300900355	30/04/2023	60,50	2311	213	KONE ELEVADORES, S.A.	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / UNICO / AV. JUAN CARLOS, 1 / AV. JUAN CARLOS, 1 / / SERVICIO DE TELEFONÍA MO
		TOTAL	1.335,42				

PRP2023/2111

Visto o expediente de gasto INT/2023/252 integrado pola relación de xustificantes F/2023/43 por importe de 21.599,97€.

Vista a Base 21^a.1 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

Considerando que a imputación do gasto do exercicio anterior non vai afectar ás necesidades económicas do servizo ao longo do exercicio 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: En virtude do establecido na Base 21 do orzamento, Imputar o gasto do exercicio 2022 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente (2022 prorrogado), segundo se indica.

SEGUNDO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2023/43 por importe de 21.599,97€. co seguinte desglose:

N° de Entrada	de	N° de Documento	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
---------------	----	-----------------	---------------	----------	-----------	--------	-------------------

F/2023/34	02148000035722F	1.577,61	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Diciembre de 2022Importe servizo
F/2023/37	02148000034822F	2.880,85	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Diciembre de 2022Importe servizo
F/2023/671	02148000000223F	2.880,85	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Enero de 2023Importe servizo
F/2023/681	02148000001123F	1.577,61	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Enero de 2023Importe servizo
F/2023/1236	23 141	3.766,13	4311	6270018	PROIMAXE MARKETING E PROGRAMACIÓN, S.L.	FONDOS NEXT GENERATION. VILAGARCIA VIVA. PROYECTO DE MEJORA, REVITALIZACION Y RESILENCIA DE MERCADOS TRADICIONALES Y ZON
F/2023/1339	02148000002823F	2.880,85	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Febrero de 2023Importe servizo
F/2023/1345	02148000003723F	1.577,61	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Febrero de 2023Importe servizo
F/2023/2102	02148000006123F	1.577,61	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Marzo de 2023Importe servizo
F/2023/2107	02148000005223F	2.880,85	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Marzo de 2023Importe servizo
	TOTAL	21.599,97				

PRP2023/2113

Visto o expediente de gasto derivado dos xustificantes de locomoción e dietas pola asistencia á reunión dos responsables de comunicación GRECO-AGE das estratexias EDUSI, celebrada en Madrid o día 16 de febrero de 2023 do funcionario municipal Manuel Villaronga García do servizo de Comunicación.

Visto o acordo da sesión da Xunta de Goberno Local de 13/02/2023.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal incorporada ao expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Modificación do acordo de Xunta de Goberno Local do día 16/02/2023, para dar cabida aos gastos de locomoción por importe de 15,95€ que se relacionan:

	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
VILLARONGA GARCÍA, MANUEL ÁNGEL	15,95	912-23120

Recoñecemento da obriga dos gastos de desprazamento e dietas pola asistencia á reunión dos responsables de comunicación GRECO-AGE das estratexias EDUSI, celebrada en Madrid o día 16 de febrero de 2023, polo importe total de 162,90€ co seguinte desglose:

	MANUTENCIÓN 231-23020	DESPRAZAMENTO 231-23120	TOTAL
VILLARONGA GARCÍA, MANUEL ÁNGEL	10,70	152,20	162,90

O reintegro do importe no gastado pola axuda de custe por importe de 26,70€ na aplicación presupuestaria 920 23020.

	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
VILLARONGA GARCÍA, MANUEL ÁNGEL	AD22023/418	26,70	912-23020

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:50 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.